

15ª XORNADAS INTERNACIONAIS DE NADAL



FEDERACIÓN
GALEGA
DE JUDO E D.A.

JUDO



DEPORTE
GALEGO

INCLUSIVO
deporte adaptado

28 - 29 DECEMBRO 2023
CENTRO EDUCATIVO "LICEO LA PAZ" - A CORUÑA

EN FEMININO
antes, agora e sempre

PROMOCIÓN DE VALORES SOBRE A IGUALDADE NO ÁMBITO DEPORTIVO PARA DEPORTISTAS



FORMACIÓN ESPECIALIZADA EN ACTIVIDADE FÍSICA INCLUSIVA PARA PROFESIONAIS DO DEPORTE



XUNTA
DE GALICIA


Daedo



Concello da Coruña

DATA: 24/11/23 ORIXE: Secretaría Deportiva CIRCULAR XERAL Nº: 30-23
Anula a: de data:
PARA COÑECEMENTO: TÓDOLOS CLUBS DE JUDO
ASUNTO: 15ª XORNADAS INTERNACIONAIS DE NADAL DE JUDO

VºBº:



TEXTO:

Para debido coñecemento e difusión de tódolos interesados, envíase información referente a:



15ª XORNADAS INTERNACIONAIS DE JUDO - NADAL 2023

Galicia JUDO FEDERACIÓN GALEGA

JUDO INCLUSIVO - JUDO EN FEMININO

28 - 29 DECEMBRO A CORUÑA

ORGANIZACIÓN

ORGANIZA: FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D. A.
ESCOLA FEDERATIVA NACIONAL

PATROCINA: SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE - XUNTA DE GALICIA.

COLABORA: EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA.

DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

DATAS: 28 - 29 DE DECEMBRO DE 2023



**CENTRO EDUCATIVO LICEO
"LA PAZ"**
c/ Sebastián Martínez Risco, 12
15009 - A CORUÑA

OBXECTIVOS

XORNADAS PARA PROFESORES: Judo Inclusivo co obxectivo de potenciar a formación especializada en actividade física inclusiva, favorecendo a óptima formación e especialización dos técnicos deportivos da federación para favorecer a práctica do judo en persoas con discapacidade en todos os niveis de participación posibles: recreativo, sanitario, competitivo, etc.

XORNADAS PARA DEPORTISTAS: Judo en feminino co obxectivo de promover e difundir valores de forma activa sobre igualdade entre homes e mulleres no ámbito deportivo. Informar e concienciar para erradicar a violencia contra as mulleres, en todas as súas manifestacións e sobre todo no ámbito persoal, social e deportivo. Concienciando e educando aos nosos deportistas masculinos nesta realidade.

XORNADAS DE JUDO INCLUSIVO

A incorporación destas Xornadas formativas de “Judo Inclusivo” surden coa idea de promover a formación especializada en actividade física inclusiva, favorecendo a óptima formación e especialización dos técnicos deportivos da nosa Federación principalmente.

Con elas pretendemos favorecer tamén a práctica do judo en persoas con discapacidade a todos os niveis de participación posibles: recreativo, saúde, competitivo etc. Lograr unha participación significativa de persoas con discapacidade en clases de judo onde practiquen outros deportistas sen discapacidade, a nivel recreativo, saudable ou de rendemento.

Por último pretendemos desenvolver programas específicos de judo para persoas con discapacidade, atendendo ás necesidades especiais que requiran devanditos grupos en función das súas características e contribuír a xerar contidos relacionados co judo adaptado, co fin de participar da difusión de noticias sobre as posibilidades que ofrece o judo para persoas con discapacidade no ámbito recreativo e da saúde, así como os logros que se puidesen obter polos judokas con discapacidade en contextos de rendemento deportivo.



1. ASISTENTES E REQUISITOS

1.1. Dirixido a:

- 1.1.1. Profesores/Adestradores de Judo de todos os niveis.
- 1.1.2. Directores das escolas federativas autonómicas
- 1.1.3. Directores e xerentes de centros deportivos vinculados ao judo.
- 1.1.4. Técnicos deportivos vinculados á discapacidade e o deporte.
- 1.1.5. Profesorado e estudantes de Grados en Ciencias do Deporte e Másters en Alto Rendemento Deportivo e Saúde.
- 1.1.6. Profesionais de asociacións relacionadas coa discapacidade e co deporte adaptado.

1.2. Requisitos:

- 1.2.1. Os profesores asistentes á xornadas, deberán presentar o certificado de delitos sexuais.

2. RELATORES

2.1.1. EDUARDO GALÁN PALLA:

- Director Escola Federativa FGJUDO.
- Co-autor "Do Descubrimento á Formación en Judo".
- Director técnico "Trofeo Miguelito de Judo".
- Premio Nacional Mellor Profesor RFEJYDA 2022.
- Mestre adestrador nacional de judo. 7º DAN.

2.1.2. CARLOS MONTERO CARRETERO:

- Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.
- Máster en Alto rendemento Deportivo e Saúde.
- Doutor en Psicoloxía.
- Mestre Adestrador Nacional de Judo 6º DAN.
- Investigador Principal do Proxecto A-Judo Inclusivo: Programa de Intervención en Educación Física para Previr o Bullying a persoas con Discapacidade (financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación durante o período 2021-2025).

2.1.3. FRANCICO BOEDO VÁZQUEZ:

- Subcampión Paralímpico Atlanta 1996.
- Subcampión do Mundo 1998.
- Mestre Adestrador Nacional de Judo 6º DAN.
- Especialista en judo adaptado para cegos e deficientes visuais.

2.1.4. MARTA GALÁN CAMBÓN:

- Grado en Psicoloxía.
- Máster Oficial en Neuropsicoloxía Clínica.
- Estudante de doutoramento en Psicoloxía da Saúde da UNED no Trastorno Do Espectro Autista do que está Certificada como avaliadora deste diagnóstico.
- Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

2.1.5. ALBA ROLDÁN ROMERO:

- Licenciada en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.
- Doutora en Psicoloxía.
- Profesora e investigadora do Centro de Investigación do Deporte da Universidade Miguel Hernández.
- Secretaria da Cátedra de discapacidade e empregabilidade TEMPE-APSA.

2.1.6. JOSE RAMÓN LÓPEZ GACIO:

- Coordinador Actividades Deportivas FGJudo.
- Mestre Adestrador Nacional de Judo 6º DAN.
- Profesor especialista Judo inclusivo.
- Director técnico Ximnasio Fibra e Judo Club Arteixo.

3. CALENDARIO E HORARIOS

A formación realizarase en formato mixto: On Line (15h) e Presencial (3h).

3.1. Formación **online**: O enlace ao material online elaborado (15h) se facilitará o mesmo día do peche das inscricións (**20 de decembro**), a través dun acceso web.

3.2. Formación **presencial**: 3 horas.

1º DÍA	TARDE
Xoves 28 Decembro	17:00/18:30h - Adaptacións e modificacións de tarefas en judo para persoas con discapacidade física, sensorial e intelectual. (1h30) Práctica no tatami.

2º DÍA	MAÑA
Venres 29 Decembro	10:00/11:30h - Mesa redonda: "Estado do arte da práctica do judo por persoas con discapacidade. Retos do agora". (1h30). Teoría en aula.

4. INSCRICIÓN

4.1. A formación, tanto online como presencial, será de **acceso gratuito** para todos os asistentes.

4.2. Os interesados deben notificalo ás federacións autonómicas que realizarán a inscrición definitiva á RFEJYDA. Os federados de Galicia no E-mail datos@fgjudo.com.

4.3. **Prazo de inscrición**: ata o día 20 de decembro.

XORNADAS DE JUDO EN FEMININO

O formato de competición do Judo, con igualdade en lugares de celebración, categorías de peso, actividades e premios que contemplan tanto a Federación Internacional como o resto de federacións non fixo senón fomentar e consolidar a participación da **MULLER** no noso deporte.

Malia todo aínda queda camiño por percorrer por iso a Federación Galega de Judo supervisa o trato adecuado e non discriminatorio da muller no deporte xa que a totalidade das nosas actividades son masculinas e femininas. E poñe en marcha cada ano as xornadas de **“DEPORTE EN FEMININO”**, xornadas dirixidas un ano máis a judokas femininas pero nas que poden asistir como alumnos judokas masculinos.

Estas xornadas de **“JUDO EN FEMININO”**, dirixidas a e por judokas femininas pero nas que poden asistir como alumnos judokas masculinos, mostráranos as capacidades das nosas judokas, adestradoras e deportistas, e permitiránnos alzar a voz de xeito unánime nun **“NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO”** á vez que concienciar e educar aos nosos deportistas para que a interioricen e transmítana na súa actividade diaria.

Nestas xornadas de Nadal serán as mulleres as que levarán a voz cantante en canto á organización, dirección das clases técnicas e charlas dirixidas, todo baixo a dirección da Directora Deportiva da Federación Galega de Judo e Deportes Asociados, Da. Mónica Pacheco Lomba, e o equipo de adestradoras do departamento de actividades deportivas desta federación.



1. ASISTENTES E REQUISITOS

1.1. Dirixido a:

- 1.1.1. Deportistas femininas e masculinos de Judo con licenza federativa en vigor.
- 1.1.2. Categoría Infantil ata absoluta.
- 1.1.3. Adestradoras femininas e masculinos de Judo con colexiación federativa en vigor.

2. CALENDARIO E HORARIOS

1º DÍA	MAÑA
	11.00 a 13.30h.
Xoves 28 Decembro	11:00/11:30h Quentamento.
	11:30/12:30h Técnica.
	12:30/13:15h Randori.
	13:15/13:30h Recuperación.
	TARDE
	17.00 a 21.30h.
	17:00/18:30h Curso formativo Judo Inclusivo.
	19:00/19:30h Quentamento.
	19:30/20:30h Técnica.
	20:30/21:15h Randori.
	21:15/21:30h Recuperación.

2º DÍA	MAÑA
	10.00 a 14.00h.
Venres 29 Decembro	10:00/11:30h Curso formativo Judo Inclusivo.
	11:45/12:00h Quentamento.
	12:00/13:00h Técnica.
	13:00/13:45h Randori.
	13:45/14:00h Recuperación.
	TARDE
	17.00 a 19.30h.
	17:00/17:30h Quentamento.
	17:30/18:30h Técnica.
	18:30/19:15h Randori.
	19:15/19:30h Recuperación.

OBXECTIVOS XERAIS:

PARA DEPORTISTAS:	Realizar adestramentos de judo destinados a incrementar o rendemento en competición.
PARA ADESTRADORES/AS:	Traballo Técnico-Táctico. Métodos de adestramento modernos.

RELATORES JUDO EN FEMININO



MÓNICA PACHECO LOMBA



LAURA MARTÍNEZ ABELEÑA



LAURA VÁZQUEZ FERNÁNDEZ



CARLA GARABATOS MOSQUERA



LAURA BAJO BORLÁN



SARA ÁLVAREZ FOLGUEIRA



SARA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ



EVA PÉREZ SOLER



MARÍA BERNABÉU AVOMO



ESTRELLA LÓPEZ SHERIFF



NAGORE VALLE BENITO



VERÓNICA PÉREZ PACHECO

INSCRICIÓNS

Para participar, a inscrición debe realizarse antes do **20 de decembro de 2023**, a través da seguinte ligazón:

<https://forms.gle/S5voJ5h7VD2hGmGa7>

PARTICIPACIÓN LIMITADA POR RIGOROSA ORDE DE INSCRICIÓN:

Non se admitirá a participación de calquera federado que non estivese inscrito en prazo e non cumpra os seguintes requisitos:

- **LICENZA DEPORTIVA:** Todos os participantes deberán estar en posesión da súa licenza federativa vixente nas súas respectivas federacións, así como do seu seguro médico deportivo e levar a listaxe de asistencia médica no concello da Coruña e o teléfono da súa mutua deportiva ou aseguradora no caso de asistentes de fora de Galicia.
- **AUTORIZACIÓN:** Os menores de idade deberán presentar tamén autorización materna/paterna.
- **CERTIFICADOS:** As/os participantes de fora de Galicia deberán presentar o visto bó da súa Federación.

Compartir estes días con estes grandes profesionais, sen dúbida, será unha experiencia deportiva marabillosa para todas/os as/os participantes que se animen a vir á Coruña.

¡¡ESPERÁMOSVOS!!

RECOMÉNDASE LER BEN TODOS OS PUNTOS DESTA CIRCULAR E CONSULTAR CALQUERA DÚBIDA COA FEDERACIÓN

Calquera aspecto ou dúbida non contemplada nesta circular resolverase a criterio da Dirección Deportiva.

A DIRECTORA DEPORTIVA

Asdo. Mónica Pacheco Lomba.